



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES 1º TRIMESTRE 2016

En cumprimento do previsto no artigo 6.2 do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e en relación co artigo 4.1 b) da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Esta medición con criterios estritamente económicos pode tomar valor negativo se a Administración paga antes de que transcorresen trinta días naturais desde a presentación das facturas ou certificacións de obra, segundo corresponda.

Así visto, e tal e como ordena o artigo 6.2 de devandito Real Decreto, esta Corporación Local debe remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, así como publicar de maneira periódica, a información relativa ao seu período medio de pago a provedores referido ao trimestre anterior. A información relativa á súa PMP, publicarase á súa vez, no portal web da Entidade Local.

SEGUNDO. Lexislación aplicable:

O Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Artigos 2.1, 2.2, 4, 6, 8 e 18 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

TERCEIRO. De conformidade co artigo 3.1 do Real Decreto 635/2014, para calcular o período medio de pago a provedores, deberanse ter en conta:

1. As facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente.
2. As certificacións mensuais de obra aprobadas a partir do 1 de xaneiro de 2014.

CUARTO. De conformidade co artigo 3.2 do Real Decreto 635/2014, quedarán excluídas do cálculo do período medio de pago a provedores:

1. As obrigacións de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

2. As obrigacións pagadas con cargo ao Fondo para o financiamento dos pagos a provedores.
3. As propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

QUINTO. Segundo se desprende da contabilidade municipal, o PMP do 1º trimestre do exercicio 2016 sitúase en 64,45 días:

Año	Tipo Periodo	Periodo	P.M.Pago	R.O.Pagadas	R.O.Pendientes	Total Pagos	Total Pendientes
2016	Trimestral	01	64,45727539	93,20131683	30,25643539	1.100.670,82	925.057,19

A este respecto cabe informar do seguinte resultado obtido:

X INCUMPRIMENTO

Con base nos cálculos detallados no expediente motivo do informe NON se cumpre co período medio de pago legalmente previsto (30 días).

SEXTO. Segundo os datos obrantes nesta Intervención ao meu cargo, é o terceiro trimestre consecutivo en que se incumpre o período medio de pago legalmente previsto.

Os motivos principais de dito incumprimento o constitúe os numerosos gastos realizados sen consignación orzamentaria que foron ou están sendo obxecto de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

O feito de que existan facturas respecto das cales non se tramitou o correspondente recoñecemento da obriga (por inexistencia de crédito orzamentario), foi informado pola Intervención nos diferentes informes de reparo emitidos ó respecto, facendo constar que a existencia de tales gastos implica que se produza tamén un incumprimento do disposto no artigo 216 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público no que se dispón que:

(...) 4. "A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4. e si se demorase, deberá aboar ó contratista, a partires do cumprimento de dito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que teña lugar o inicio do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación (.....).

No artigo 7.2 da Lei 3/2004 dispónse que: "O tipo legal de interese de demora que o debedor estará obrigado a pagar será a suma do tipo de interese aplicado polo Banco Central Europeo a súa mais recente operación principal de financiamento efectuada antes do primeiro día do semestre natural de que se trate, mais oito puntos porcentuais".



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

Polo tanto, a Lei marca un prazo de pagamento de 30 días dende a data de recoñecemento da obriga, que, a súa vez, deberá terse producido nun prazo máximo de 30 días dende a recepción da factura ou solicitude de pago equivalente.

Tendo en conta as repercusións económico-orzamentarias derivadas da realización de gastos non contabilizados, reitérase a urxente necesidade (legal, orzamentaria, contable, financeira, patrimonial, de tesourería...) de rematar coa realización de calquera tipo de gastos que (con independencia da súa contía), carezan de crédito orzamentario adecuado, dispoñible en contía suficiente; rematando coa práctica de acudir a un procedemento (recoñecemento extraxudicial) que, segundo o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, é totalmente excepcional, extraordinario, puntual e para algún gasto de escasa contía.

SÉTIMO. Consecuencias do incumprimento:

Resulta de aplicación o prescrito no artigo 13.6 da Le Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, segundo o cal:


“As Administracións Públicas deberán publicar o seu período medio de pago a provedores e dispoñer dun plan de tesourería que incluíra, polo menos, información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade. As Administracións Públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería.

Cando o período medio de pago dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á mencionada publicación, como parte do devandito plan o seguinte:

- a) O importe dos recursos que vai dedicar mensualmente ao pago a provedores para poder reducir o seu período medio de pago ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.*
- b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobros e pagos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pago a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.”.*

OITAVO. Os cálculos recollidos neste informe deberán remitirse, en todo caso, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

En cambados, a 28 de abril de 2016.

A Interventora,

Asdo. Paula Cacabelos Otero